

BOLETÍN SINDICAL AGPTU. Nº 5

Rematado o proceso electoral na Universidade, informámosvos deseguido das cuestións sindicais máis relevantes acontecidas dende o último boletín remitido:

1) Eleccións a Reitor:

Unha vez elixido o novo Reitor, D. Salustiano Mato, é a nosa intención como sindicato manter un contacto directo con el e cos membros do seu equipo relacionados coa nosa actividade. Por razón de respecto institucional e tentando manter a unidade entre todos os sindicatos, parécenos razoable que a iniciativa de pedir a entrevista parta do Presidente da Xunta de PDI, polo cal lle solicitaremos leve adiante este cometido. Obviamente, antes haberá que deixarlles aos novos cargos asentarse un pouco nas súas tarefas, polo que a xuntanza podería demorarse ata despois do verán.

2) Mesa de negociación na Universidade:

Unha das nosas reivindicacións dende a Xunta de PDI foi dende sempre a constitución dunha Mesa de negociación estable entre os sindicatos e a Universidade. Nela abordaríanse todos os asuntos relacionados co profesorado (retribucións, condicións de traballo, etc). Finalmente, o Vicerreitor de Profesorado decidiu dar os pasos para levala adiante, supomos que con vistas a deixar boa parte do camiño andado á nova Vicerreitora. No momento de redactarmos este boletín, temos xa un borrador sobre a devandita Mesa e tamén outro sobre o seu regulamento. A idea é a dunha Mesa paritaria, común para profesorado funcionario e laboral, constituída por quince membros pola parte sindical e outros tantos pola Universidade. Tocante á parte sindical, celebrouse una reunión da Xunta de PDI con vistas a consensuar as enmendas aos devanditos borradores. Malia as reticencias da UXT, na xuntanza os restantes sindicatos entenderon que todas a agrupacións deberíamos contar con alomenos un membro na mesa (aínda que nas votacións os votos foran ponderados de acordo co peso de cada un), polo que a AGPTU terá presenza con voz e voto na Mesa de negociación. No momento que teñamos designado ao noso representante farémovolo saber, aínda que obviamente sempre podedes dirixirvos a calquera dos representantes na xunta de PDI para calquera asunto que vos preocupe.

3) Contencioso sobre as pagas extra:

Informamos deseguido deste asunto, aínda que non todos os asociados se sumaron ao recurso contencioso presentado contra a Universidade para exisir a equiparación das pagas extraordinarias coas ordinarias. Polo de agora só hai sentenza para o recurso presentado polo PDI laboral, e é desfavorable. O xuíz dá a razón á Universidade alegando que o diñeiro adicado a esta equiparación debería vir consignado especificamente para esta fin dende o Ministerio. Como isto non foi así, entende que os reclamantes non teñen dereito á retribución exisida. O argumento é feble de máis (por esa regra de tres tampouco poderían reducirnos do salario o famoso 5 por cento), e a sentenza foi recorrida. Canto ao PDI funcionario, o xuízo aínda non se celebrou, pero podemos temernos una sentenza similar.

4) Equiparación das pagas extraordinarias co resto.

Independentemente do apartado anterior, este si afecta a todo o profesorado. Trátase de que no BOE do 26 de maio establécense as instrucións sobre como debe facerse o aboamento das pagas extraordinarias. Por esta razón, a partires de agora esváese a escusa utilizada pola Universidade para a non equiparación, consistente en dicir que non estaba establecido en ningures como facelo. Por desgraza, as información que temos recibido apuntan a que a Universidade non vai actuar, alomenos de inmediato, no sentido indicado no BOE. De acontecer deste xeito iniciaremos a reclamación a través da Xunta de PDI ante o anovado equipo de goberno.

Polo de agora isto é todo. Non esquezaes que tedes a vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

AGPTU